

**NOTA DE PRENSA 038/23
9 DE XUÑO DE 2023**

**O CAMPIONATO GALEGO DE MONTAÑA ARRINCA ESTA FIN DE SEMANA
EN PONTEVEDRA CON CASE 60 INSCRITOS**

O Campionato Galego de Montaña arrinca esta fin de semana coa celebración da primeira cita puntuable, a Subida a Escusa – Poio, que neste 2023 cumpre 23 edicións de existencia.

Una proba xa clásica no certame galego na que estarán case 60 equipos, cos principais favoritos á victoria a final de tempada na lista de inscritos. Alexis Vieitez, Abrahán Vázquez, Manuel Senra, Jorge Pérez Alonso ou Alfonso “Pisko” Ventín serán algúns dos candidatos a levarse o trofeo de campión nas distintas categorías.

Una proba que comezará este venres coas verificacións administrativas e técnicas optativas, todo orientado a axilizar a competición do sábado.

Precisamente, o sábado 10 de xuño terá lugar a competición ao completo. Seis mangas (2 de adestramento e 4 oficiais) dende as 10:30 horas da mañá no percorrido pontevedrés.

A entrega de premios está programada ao término da proba.